



RESOLUCIÓN POLA QUE SE ELEVA A DEFINITIVA A ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE CONSULTORÍA DA OFICINA TÉCNICA PARA O FOMENTO DO SOFTWARE LIBRE E DE FONTES ABERTAS DURANTE O ANO 2010.

Con data 2 de agosto de 2010, publicouse no perfil do contratante a Resolución de 23 de xullo de 2010, pola que se acordaba a adxudicación provisional do contrato a favor da UTE integrada polas empresas Igalia SL, Corunet SL e Orbere Consulting SL.

A empresa adxudicataria presentou en tempo e forma toda a documentación enunciada na cláusula 10.1 do prego de condicións, e de conformidade coas facultades que me confiren os Estatutos da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

RESOLVO:

Primeiro.- Elevar a definitiva a adxudicación do contrato dos **SERVIZOS DE CONSULTORÍA DA OFICINA TÉCNICA PARA O FOMENTO DO SOFTWARE LIBRE E DE FONTES ABERTAS DURANTE O ANO 2010**, a favor da empresa **CORUNET-ORBERE-IGALIA U.T.E.**, con CIF U70262191 polo importe total de cento corenta e cinco mil trescentos trinta e un euros con setenta e seis céntimos (145.331,76 €), sendo cento vinte cinco mil douscentos oitenta e seis euros (125.286 €) a base impositiva e sendo vinte dous vinte mil corenta e cinco euros con setenta e seis céntimos (20.045,76) a cota do imposto sobre o valor engadido.

Segundo.- Requirir ao adxudicatario para a formalización do contrato dentro do prazo de DEZ (10) días hábiles dende a comunicación da presente Resolución, ao que se lle unirá, formando parte integrante do mesmo, a oferta do adxudicatario, un exemplar dos pregos de condicións, xunto cos de prescricións técnicas e un exemplar das instrucións de execución do obxecto contratado, debidamente asinados polo contratista.

Terceiro.- Autorizar a devolución ou cancelación de garantía provisional constituída polos licitadores para a súa participación no procedemento de contratación.

Cuarto.- Comunicar aos licitadores non adxudicatarios que a documentación que xuntaban ás súas proposicións se encontra á súa disposición.

Quinto.- Divulgar na páxina web da Fundación (no "Perfil do contratante") a información relativa á adxudicación do contrato a que se refire o artigo 10.3 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de normas reguladoras da transparencia e das boas prácticas da Administración Pública Galega.

Santiago de Compostela, a 24 de agosto de 2010.

A Xerente da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia

Asdo: Covadonga Toca Carús.